

ACTA E RESUMO DE ACORDOS DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2022
Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia
Casa das Asociacións (antiga estación de Cornes)
Santiago de Compostela
19 de febreiro de 2022

ASISTENTES:

PRESIDENTA	VILABOY ROMERO, LAURA
VICEPRESIDENTA	DOMÍNGUEZ GALÁN, NATALIA
SECRETARIA	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, SONIA MARÍA
TESOUREIRA	CANEDA ZAMAR, BEATRIZ
VOGAL	CASAL FIGUEROA, LAURA
VOGAL	NÚÑEZ RÚA, ROCÍO
VOGAL	RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, NOELIA
Colexiado 1	Colexiado nº 3316
Colexiada 2	Colexiada nº 0164
Colexiada 3	Colexiada nº 5493
Colexiada 4	Colexiada nº 3550
Colexiada 5	Colexiada nº 4770
Colexiada 6	Colexiada nº 0440
Colexiada 7	Colexiada nº 5244
Colexiada 8	Colexiada nº 3879
Colexiado 9	Colexiado nº 0111
Colexiada 10	Colexiada nº 0102
Colexiada 11	Colexiada nº 5401
Colexiada 12	Colexiada nº 4851
Colexiada 13	Colexiada nº 3831
Colexiada 14	Colexiada nº 5328
Colexiado 15	Colexiado nº 3808
Colexiada 16	Colexiada nº 0924
Colexiada 17	Colexiada nº 3539
Colexiada 18	Colexiada nº 5505
Colexiada 19	Colexiada nº 5416
Colexiada 20	Colexiada nº 3337
Colexiada 21	Colexiada nº 5417
Colexiada 22	Colexiada nº 5500
Colexiada 23	Colexiada nº 0184
Colexiada 24	Colexiada nº 3221
Colexiada 25	Colexiada nº 0103
Colexiada 26	Colexiada nº 5507
Colexiada 27	Colexiada nº 0728
Colexiada 28	Colexiada nº 3688
Colexiada 29	Colexiada nº 3448
Colexiada 30	Colexiada nº 3286

Total Asistentes: 37 (29 mulleres e 8 homes) : 37 colexiadas/os, sin votos delegados

Iníciase a Asemblea Xeral o sábado 19 de febreiro de 2022 ás 09:40h.

Laura Vilaboy Romero, Presidenta da Xunta de Goberno do Ceesg, dá a benvinda a todas as persoas asistentes, procede á lectura da Orde do Día e comenta que ademais da *Asemblea Xeral* tamén terán lugar as Eleccións á Xunta de Goberno do Ceesg no descanso previsto de 10h a 12h. Simultaneamente, no devandito descanso, informa que se levará a cabo o acto de entrega de *Premios do 7º Concurso TFG.eduso* e a celebración dunha *Mesa redonda*, na que se contará coas persoas colexiadas de honra do Ceesg, que leva por título “*Educación Social: desafíos da profesión*”.

Tras o descanso, a nova Xunta de Goberno presentará o seu programa electoral e o plan de traballo deste ano, deixando un espazo ao final da Asemblea para suxestións e preguntas.

Informa que toda a documentación está colgada na web e tamén hai exemplares aquí impresos a disposición das persoas asistentes. Explica tamén como serán as votacións aos distintos puntos da orde día, utilizando as papeletas vermella, verde ou branca para emitir o seu voto en contra, a favor ou en branco respectivamente.

ORDE DO DÍA

- 1. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 27 DE FEBREIRO 2021.**
- 2. INFORMACIÓN SOBRE A PARTICIPACIÓN NO CGCEES.**
- 3. PRESENTACIÓN E, SE PROCEDE, APROBACIÓN DO RRI.**
- 4. PRESENTACIÓN DO PORTELO ÚNICO.**
- 5. APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2021.**
- 6. AUDITORÍA DE CONTAS. ELECCIÓN DO MÉTODO DE AUDITORÍA DE CONTAS DA XUNTA DE GOBERNO SAÍNTE.**
- 7. PRESENTACIÓN DA NOVA XUNTA DE GOBERNO E DO PROGRAMA ELECTORAL.**
- 8. APROBACIÓN DO PLAN DE TRABALLO E DO ORZAMENTO 2022.**
- 9. SUXESTIÓN E PREGUNTAS.**

1. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 27 DE FEBREIRO 2021.

Presenta: Laura Vilaboy Romero. Presidenta do Ceesg.

Procede á lectura do contido da Acta da Asemblea Xeral de 27 de febreiro de 2021.

Non producíndose intervencións, procédese á votación.

ACORDO:

A votación á **Acta da Asemblea Xeral 2021** resultou favorable coa súa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**

2. INFORMACIÓN SOBRE A PARTICIPACIÓN NO CGCEES.

Presenta: Noelia Rodríguez Álvarez. Vogal da Xunta de Goberno do Ceesg, Vogal do Cgcees e responsable de Comunicación do Cgcees.

Procede á explicación das actuacións máis relevantes levadas a cabo no Cgcees durante o exercicio 2021.

Desde o Ceesg participamos en distintos ámbitos do Cgcees, considérase importante estar pendentes do que pasa noutros colexios profesionais e no consello, tecendo redes para facer que a profesión sexa máis grande.

No Consello, ao igual que en Galicia, este ano tamén toca Asemblea e Eleccións, estando aínda por montar a candidatura. Tratarase que sexa un traballo de continuidade, ter en conta todo o que se andivo.

Como cuestións máis importante ao longo de 2021, resalta as seguintes:

- Fixéronse aportacións a diversas normas, como consello e como Ceesg, xa que Galicia participou en todas as achegas que se lle pediron desde o consello: por exemplo á LOMLOE, á Lei de Protección á Infancia, á Lei de Servizos Sociais e estanse ultimando as propostas ao Plan Estatal de Acción para a Garantía Xuvenil.
- Reuníronse con todos os partidos políticos, para ter unha visión global. Conseguiuse que teñan un pouco máis en conta ao Cgcees, incrementáronse as reunións e a demanda de aportacións.
- Incremento das Comisións e reforzamento da participación do Ceesg. Así, participamos nas seguintes: Comisión de Ética, Comisión de Avellantamento Activo, Comisión de Institucións Penitenciarias, Comisión de Xénero. E na Comisión de Educación non participa o Ceesg dado que está nun momento de constitución, iniciando andaina cos territorios que xa teñen incorporada a figura profesional e despois se abrirá a todos os demais.
- O Congreso Estatal de Educación Social foi adiado en 2020 por mor da pandemia. No 2021, Ceesaragón renunciou á súa organización e actualmente seis colexios profesionais asumírona, será parte virtual e parte presencial. A mesa inaugural será en Madrid, entre finais de marzo e comezos de abril, coincidindo coa Asemblea Xeral do Cgcees e é previsible que a mesa de peche sexa no mes de maio en Sevilla.
- Ademais de ser integrantes da súa Xunta de Goberno, desde Galicia se asume a coordinación da Comunicación do Cgcees.
- As necesidades e demandas no Cgcees, ao igual que sucede no Ceesg, son cada vez máis. No Cgcees hai contratadas unha Secretaria Técnica e unha persoa que asume as tarefas de contabilidade, mais non chegan as mans, non se pode seguir baseando as organizacións unicamente en cuestións voluntarias, polo que desde o 2 de xaneiro de 2022 se incorporou unha nova contratación, unha nova compañeira a media xornada que se destina a dar apoio á

organización da Secretaría Técnica do Congreso Estatal de Educación Social e ao apoio ás cuestións do consello que están definindo pouco a pouco.

3. PRESENTACIÓN E, SE PROCEDE, APROBACIÓN DO RRI.

Presenta: Natalia Domínguez Galán. Vicepresidenta da Xunta de Goberno do Ceesg.

Presenta o RRI, como compromiso desta Xunta de Goberno. É a norma que establece a forma de organizarse, de participar e de funcionar, tanto como colexio como en relación ás persoas colexiadas.

Informa que recolle 9 títulos, facendo énfase no *Título II.- Estructura organizativa do Ceesg, os seus órganos de goberno e participación* e no *Título IV.- Relacións externas*. Puntualiza que no *Título IV* aparece o réxime disciplinario, non dispoñendo de momento de *Regulamento de Réxime Sancionador*, ao constituír unha parte que require profundizar e, polo tanto, require de máis tempo.

Procédese á votación do RRI, entendendo que estaba previamente revisado e tendo en conta que queda pendente á nova Xunta de Goberno a elaboración do *Regulamento de Réxime Sancionador*.

ACORDO:

A votación ao **RRI** resultou favorable con 1 voto en branco e o resto de votos favorables.

4. PRESENTACIÓN DO PORTELO ÚNICO.

Presenta: Rocío Núñez Rúa. Vogal da Xunta de Goberno do Ceesg.

Presenta o Portelo único, como ferramenta coa que todas as persoas poderán relacionarse co Ceesg de xeito electrónico. Permitirá formular electronicamente a solicitude de colexiación, solicitude de traslado de expediente, todos os tramites de achega de documentación, modificación de datos persoais, baixa colexial, seguro RC Profesional e alta como sociedade profesional. Vai ter outras funcionalidades, xa que tamén se incluírá un módulo de formación en liña, pero o máis importante é que poderedes relacionarvos electronicamente co Ceesg, que é un dereito que tedes como persoas colexiadas e así cumprimos cun mandato da Xunta de Goberno saínte coa lexislación vixente.

Actualmente está en fase de probas, leva moito tempo traballándose nisto e vai ser un cambio moi importante. Agárdase que entre en funcionamento en breve.

Móstrase a estética que terá visualmente. É moi innovador e contarase co asesoramento, orientación e información das técnicas do Ceesg, Montse e Mari, ás que agradece todo o traballo feito durante todos estes anos e especialmente o traballo de onte venres ata as 23h para que todo funcionase ben e tan fluído na presente Asemblea Xeral.

5. APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2021.

Presentan: Natalia Domínguez Galán, Vicepresidenta, e Beatriz Caneda Zamar. Tesoureira do Ceesg.

Memoria Técnica 2021

Natalia Domínguez Galán procede á lectura da Memoria Técnica 2021, destacando o seguinte:

- No exercicio 2021 tramitáronse 107 altas e 86 baixas, cun saldo positivo de 21 colexiacións, dipoñendo a 31/12/2021 de 1001 colexiadas, alcanzando así o reto que se propoñía esta Xunta de Goberno de acadar as 1000 colexiacións. Os motivos do incremento das colexiacións poden ser varios, mais un deles foi a posta en marcha dunha campaña de bonificacións á colexiación asociada ao 20º Aniversario do Ceesg.
- Contratación por 1ª vez dunha Axencia de Comunicación, The Office, que apostou pola visibilidade da profesión nos medios de comunicación, liberando un pouco ás traballadoras do traballo de comunicación e do traballo, moitas veces burocrático, de contactos coa prensa, favorecendo que se centraran un pouco máis no ámbito de desenvolvemento da profesión.
- Reactivación da Comisión de Ética e Benestar Profesional.
- Novas colaboracións e reforzamento de colaboracións coas Universidades.
- Redacción de recursos fronte ás Administracións Públicas, perante bases que son inxustas á profesión, a prol do recoñecemento profesional.
- Achegas a lexislación, como por exemplo á nova RISGA e ao modelo de Lei de Inclusión Social.
- Fitos importantes: a incorporación do modelo ISE na Historia Social Única electrónica e a creación dun módulo específico de Educación Social no SIUSS.
- Reivindicación en Ourense, en colaboración coa Universidade, da Educación Social na rúa, con motivo do Día Internancional da Educación Social. Grazas ao apoio do estudantado de Educación Social do Campus de Ourense, así como á especial colaboración de Jesús Deibe Fernández Simo, a través dunha actividade creativa e de rúa deseñaron o calendario marcapáxinas. Tamén se comezou un proxecto de crear unha figura playmóvil, unha boneca ou boneco playmóvil Educadora/Educador Social.
- Deseño do Caderno de Educación Social. Agradécese a colaboración das compañeiras que participaron.
- Camiseta 8M, que se estrenará nas manifestacións do Día Internancional da Muller deste exercicio 2022.
- E a nivel comunicación, deseñouse unha publicación que sairá á luz neste ano 2022: “Os bolechas e a Educación Social”, coa finalidade de que a cidadanía identifique ás profesionais da Educación Social.
- Respecto á formación, foi pouca mais de calidade, con contidos sobre trata de persoas, educación afectivo-sexual, adolescencia, migrantes, delitos de odio e ISE. Calidade que se logrou en colaboración con novas entidades, novas ONG's e, por primeira vez, impartindo en colaboración coa FEGAMP formación sobre a ferramenta das Educadoras Sociais (ISE) ás empregadas públicas.

Non producíndose intervencións, procédese á votación.

ACORDO:

A votación á **Memoria Técnica 2021** resultou favorable coa súa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**

Memoria Económica 2021

Beatriz Caneda Zamar procede á lectura da Memoria Económica 2021 e do Balance de Situación a 31/12/2021.

En relación á Memoria Económica 2021 indica que amosa todos os ingresos e os gastos nos que incorreu o Ceesg no exercicio, desglosados por partidas. Agradece o traballo da Secretaria Técnica e de Apoio Asesores.

Respecto dos gastos, destaca a contención de gastos, dado que se gastou menos do que se tiña orzamentado porque houbo algunhas actividades que non se levaron a cabo, así como unha contención de gastos en partidas como “Dietas de Xunta de Goberno” ao non ter tanta mobilidade por mor da pandemia, ademais da inactividade que mantiveron en xeral os Grupos de Traballo do colexio.

Respecto aos ingresos, destaca como principal e practicamente única fonte de ingresos as cotas colexiais. No 2021 a campaña de colexiación informada favoreceu que se incrementaran as colexiacións e que se superaran as 1000 colexiacións e, polo tanto, tamén os ingresos.

As Subvencións percibidas en 2021 responden a solicitudes formuladas no ano 2020: á Deputación da Coruña (FOENIA2020) para adquisición de equipamento (cambio da fotocopiadora e un ordenador novo para a sala de xuntas) e ao IGAPE, a través dos cheques á dixitalización, para o deseño da dixitalización da colexiación a través do portelo único presentado hoxe, que estará en funcionamento en breve.

O resultado do exercicio foi positivo, cun beneficio de máis de 17.000€ (17.825,57€), polo que o colexio está saneadísimo. Cubríronse todos os gastos, e os ingresos foron superiores aos estimados grazas ao incremento de colexiacións.

Balance de situación a 31/12/2021

Indica que o Ceesg non ten débedas (nin hipoteca nin préstamos) e dispón de liquidez en entidades bancarias que nos aporta unha solvencia importante.

O valor patrimonial do Ceesg supera os 270.000€ (272,856,36 €).

Non producíndose intervencións, procédese á votación da Memoria Económica 2021:

ACORDO:

A votación á **Memoria Económica 2021** resultou favorable **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**

6. AUDITORÍA DE CONTAS. ELECCIÓN DO MÉTODO DE AUDITORÍA DE CONTAS DA XUNTA DE GOBERNO SAÍNTE.

Presenta: Beatriz Caneda Zamar. Tesoureira do Ceesg.

Informa que según os Estatutos do Ceesg, cada vez que cambia a Xunta de Goberno hai que facer unha censura de contas. Isto significa que ou ben a través dunha auditoría externa ou ben dunha auditoría interna se teñen que revisar as contas destes últimos 4 anos.

Desde a Xunta de Goberno abogamos pola opción dunha auditoría interna, como se ten feito en anteriores ocasións, para evitar o custo de aproximadamente 3500€/exercicio que custaría unha auditoría externa.

O método de auditoría interna consistiría en facer un sorteo público para elixir 3 censoras de contas e 3 suplentes, entre as persoas colexiadas, que contarán co apoio da Secretaria Técnica do Ceesg, de Apoio asesores e da Xunta de Goberno saínte, para facer un repaso das contas e da contabilidade destes 4 anos, previsiblemente a principios do mes de maio.

Intervencións:

- Colexiada nº 23. Plantexa se o feito de facer unha auditoría externa reforzaría máis, por exemplo na puntuación de posibles subvencións que solicite o colexio. Fai unha reflexión ao respecto.

- Responde a Vogal Rocío Núñez Rúa. Informa que respetamos a normativa e os nosos estatutos, sendo a auditoría interna un método válido. A Secretaria Técnica realiza a xestión contable e hai unha asesoría externa (Apoio asesores) que tamén leva a cabo un control externo para garantir que a contabilidade cumpra coa normativa fiscal, laboral e co convenio colectivo. Aclara que o Ceesg non depende de subvencións, aínda que axudas como a da Deputación da Coruña nos permitiron mudar equipos como ordenadores. Non hai ningún problema neste sentido porque cumprimos coa normativa. Informa que tanto as contas como as actas da Xunta de Goberno son documentación á que calquera persoa colexiada pode acceder.
- Responde a Tesoureira Beatriz Caneda Zamar. Confirma que efectivamente o Ceesg só solicita subvencións puntuais, concretamente a da Deputación da Coruña para investimentos en equipamento e, nos últimos exercicios 2020 e 2021 a do IGAPE destinada á dixitalización, pero hai moitas subvencións ás que non podemos acceder, polo que o tipo de auditoría de contas non inflúe neste sentido. Aclara que aínda que a solvencia económica do colexio nos permitiría facer unha auditoría externa, considérase que o control anual que se fai coa Secretaria Técnica e con Apoio asesores, asesoría que ademais é a responsable en materia fiscal e laboral do colexio, por parte da propia Tesoureira da Xunta de Goberno, é moi estricto e previo á presentación de contas para a súa aprobación en Asemblea Xeral cada ano. A nova Xunta de Goberno xa inclúe propostas para destinar eses cartos a outros fins en beneficio da profesión. Puntualiza que as 3 censoras de contas elixidas por sorteo público terán acceso a toda a documentación contable e poderán comprobar que non hai irregularidades e, en caso contrario, de non emitir informe favorable, recurriríase automaticamente á realización dunha auditoría externa.

Non producíndose máis intervencións, procédese á votación da elección do método de auditoría de contas 2018-2022 da Xunta de Goberno saínte:

ACORDO:

A votación á **Proposta de auditoría externa** resultou desfavorable **por unanimidade das persoas asistentes**

A votación á **Proposta de auditoría interna** resultou favorable **por unanimidade das persoas asistentes, quedando polo tanto aprobado o método de auditoría interna para a censura de contas 2018-2022.**

10:15H-12:00H DESCANSO ASEMBLEA- CELEBRACIÓN ELECCIÓN.

10:15H. Laura Vilaboy Romero da por pechada a primeira parte da Asemblea, informando que se abre a Mesa Electoral de 10:15h a 12:00h para que as colexiadas e colexiados poidan exercer o seu dereito a voto nas Eleccións á Xunta de Goberno do Ceesg. Simultaneamente, realizarase o acto de entrega de *Premios do 7º Concurso TFG.eduso* e a celebración dunha *Mesa redonda*, na que se contará coas persoas colexiadas de honra do Ceesg, que leva por título “*Educación Social: desafíos da profesión*”.

12:15H. A mesa electoral conformada polas colexiadas nº0172, 5244, 3406 e 5348, en calidade de Presidente, Secretaria, Vogal 1ª e Vogal 2ª respectivamente, procede á lectura do resultado da votación. A Secretaria da mesa informa que houbo 1037 electoras, das que votaron 66 co seguinte escrutinio: votos favorables 56, votos desfavorables 1, votos nulos 7 e votos en branco 2, polo que se proclama gañadora a única candidatura presentada por Sonia María González Rodríguez.

Laura Vilaboy Romero, como Presidenta da Xunta de Goberno saínte da as grazas, salientando o traballo en equipo de toda a súa Xunta de Goberno, que asumiu catro anos de moitísimo traballo,

7

dos cales dous foron atípicos por mor da pandemia. Despidese dando a noraboa á nova Xunta de Goberno entrante e desexándolles moito ánimo, bríndalles todo o apoio no convencemento de que veñan catro anos moito máis fructíferos. Agradece o esforzo e adicación das traballadoras do colexio, como parte esencial.

7. PRESENTACIÓN DA NOVA XUNTA DE GOBERNO E DO PROGRAMA ELECTORAL.

Presenta: Sonia María González Rodríguez. Nova Presidenta do Ceesg.

Presentes na mesa: Sonia María González Rodríguez, Rocío Núñez Rúa, Rodrigo Gil Cedillo, Alfonso Tembrás López, Jesús Deibe Fernández Simo, Noelia Rodríguez Álvarez e María del Carmen Zamora Castro.

A Presidenta agradece a confianza depositada nesta candidatura. Informa que na candidatura están expostas as súas inxerencias así como a previsión de actuacións a desenvolver, tendo moi presente todo o traballo que se fixo desde o Ceesg que é o que leva á profesión ata aquí. Esta candidatura foi froito dese traballo, cunha necesaria reflexión da profesión, das necesidades e prioridades das persoas colexiadas, pero tamén das novas persoas que están estudando nas facultades e das persoas que non están colexiadas, para intentar facer un traballo conxunto e consciente.

Nesta Xunta de Goberno hai persoas de distintos ámbitos profesionais, repartidas polo territorio, xa que unha das inxerencias é facer profesión desde a cercanía, atendendo á colexiación e tamén á xente que todavía non forma parte do colexio dunha forma máis activa, para poder favorecer todas esas sinerxias con todas as profesionais que están no social.

Coincide con Laura Vilaboy no agradecemento ás traballadoras do Ceesg, pilar fundamental do colexio, como porta de entrada, que ademais nesta Xunta de Goberno imos velas “bolechizadas” como xeito tamén de achegar a profesión á cidadanía.

Enfatiza que nesta profesión son afortunadas por traballar preto da xente, ademais de posuír unha parte moi vocacional. Neste sentido, resalta que para traballar coa xente precisamos dunha formación de calidade que non pode parar na universidade, requírese dunha formación continua. Por este motivo, unha das teimas desta Xunta de Goberno vai ser profundizar nunha formación de calidade para as profesionais que levan tempo traballando, sobre todo en ámbitos como menores en trauma, traballo en dinamización comunitaria ou renda básica.

Tamén resalta que van estar presentes co estudantado desde o principio. Considera moi importante ter esa conciencia de volver ao inicio, acompañando dunha forma agarimosa á profesión.

Teñen moi presente que están representando á colexiación e queren estar moi presentes na Administración, coas entidades e coa xente que está facendo Educación Social con empresas e con emprendemento no rural tamén. Considera moi importante visibilizar ás integrantes da Xunta de Goberno e o seu reparto polo territorio para favorecer a cercanía.

Írase avanzando a través de redes sociais, de comunicación, portelo único ou da web, así como incrementando os espazos de participación que se queren promover, así como converter o local do Ceesg nun espazo de compartir, de convivencia e de xerar unha rede social dentro da profesión.

Cede a palabra ás compañeiras e compañeiros para que se presenten, comentando que algunhas persoas xa estaban na anterior Xunta de Goberno:

- Noelia Rodríguez Álvarez. Da as grazas. Ademais de participar na anterior Xunta de Goberno, estivo vinculada ao Cgcees e continuará na representación estatal do territorio e como Vogal no Ceesg.

- Alfonso Tembrás López. Agradece a confianza. Asume a Secretaría da Xunta de Goberno. Matiza o papel de defensa da profesión, sobre todo na parte de representar ás persoas que atendemos, e ás que non atendemos tamén, dándolles voz e un servizo de calidade. Asume un compromiso tamén como integrante da *Comisión de Ética e de Benestar Profesional*, considerando moi importante tamén o noso benestar como profesionais, xa que tamén nos temos que preparar para soportar o sufrimento e aliviarnos.
- Rodrigo Gil Cedillo. Rematou a carreira no 2019, polo que comezou a súa andaina profesional nun contexto de pandemia. Ata agora traballou con menores e agora mesmo está traballando nunha iniciativa que se chama “*oficina aos dereitos*” da Marea Atlántica, levando a cabo un traballo de acompañamento e apoio ás persoas en situación de vulnerabilidade. Asume a Tesouraría do Ceesg, con moita ilusión porque considera que a colexiación é algo fundamental e hai un traballo por diante aínda moi importante. Seguimos a reclamar unha presenza e un recoñecemento que aínda non chegan. Anima á participación, tamén nos Grupos de Traballo, xa que isto non sae adiante só coa xente da Xunta de Goberno senón co traballo colectivo. Da as grazas.
- Rocío Núñez Rúa. Agradece ás persoas da anterior Xunta de Goberno que non continúan, como Laura Vilaboy, Natalia Domínguez, Beatriz Caneda e, especialmente, Belén Piñeiro como persoa que a achegara á Xunta de Goberno e ao colexio, as aprendizaxes, os bos tratos e estes catro anos que foron moi intensos, no desexo de continuar nesa filosofía de aprendizaxe e coidados, de transferencia e de bos tratos tamén. Agradecemento tamén ás traballadoras do colexio, que son o colexio en si. Asume a Vicepresidencia, orgullosa e como un reto.
- María del Carmen Zamora Castro. Vogal. Galega e extremeña. Traballa con infancia desprotexida. Sente admiración polo traballo previo levado a cabo, así como polos TFG da xente nova hoxe aquí premiados. Como Vogal, asume o reto de axudar en todo que poida e agradece a confianza.
- Jesús Deibe Fernández Simo. Vogal. Natural de Ourense. Considera importante estar presentes nos territorios. Considera magnífico o traballo das compañeiras da Xunta de Goberno anterior. Asume esta representación como unha oportunidade para sumar, para convertirmos nun elemento dinamizador, contando con todas as persoas colexiadas para seguir facendo Educación Social porque en Galicia se fai Educación Social e moi boa, sendo un referente non só a nivel estatal senón a nivel internacional, no ánimo de construír unha sociedade máis xusta e para o empoderamento das persoas ás cales día a día acompañamos en diversos ámbitos. Da as grazas.

A Presidenta informa que faltan dúas persoas da Xunta de Goberno, Vogais, que non puideron acompañarnos: Pilar Ramallal Fernández, da Coruña, por motivos laborais, e María Jesús Segade Conde, de Lugo, por unha situación persoal sobrevida. Ambas estarán presentes e farán representación desde a cercanía desde os distintos territorios.

Cede a palabra a Noelia Rodríguez Álvarez, para expoñer os retos do Cgcees neste exercicio 2022.

Retos do Cgcees 2022

Noelia Rodríguez Álvarez traslada en nome da Presidenta do Cgcees, Lourdes Menacho Vega, e en representación de toda a Xunta de Goberno do Cgcees, o seu apoio e agradecemento a esta Xunta de Goberno por asumir o compromiso de gobernar un colexio como o galego, ademais de agradecer o apoio do Ceesg ao Cgcees que espera seguir contando coa nosa presenza.

Un dos primeiros retos no Cgcees neste ano é continuar na súa Xunta de Goberno. Sabemos da importancia do Ceesg a nivel estatal, tanto na súa Xunta de Goberno como nas Comisións, e temos o compromiso de continuar. O Ceesg sempre tivo presenza a nivel estatal, téndose asumido a súa 1ª Presidencia desde Galicia por Alberto Fernández de Sanmamed Santos.

O encontro do Comité de Comunicación do Cgcees celebrárase en Galicia, en Lugo, no mes de marzo, convidando tamén a esta Xunta de Goberno a manter algún encontro con persoas que forman parte dos distintos colexios profesionais e para reconstruír ese espazo comunicativo. Desde o Ceesg tamén se reforzará o compromiso nas distintas comisións, así como en novos espazos que se xeneren.

A nivel xeral, o Cgcees mantén unha aposta clara no recoñecemento nos ámbitos de centros educativos e centros penitenciarios. Ámbitos nos que xa se avanzara, así o Cgcees mantén un convenio coa UNED que está a permitir facer cursos e visibilizarnos moito máis, participouse en varios seminarios contando as nosas experiencias profesionais. Ademais, na última reunión da Xunta de Goberno do Cgcees celebrada en Galicia, a Presidenta do Cgcees, Lourdes Menacho, acompañada por Rocío Núñez do Ceesg, acudiu a un encontro coa Presidenta da *Conferencia Nacional de Decanas/os de Educación*, no ánimo de establecer máis sinerxias e traballar en equipo coa universidade. Así mesmo, mantívose un primeiro encontro coa CEAPA, atendendo á demanda de colaboración que fixeron ao Cgcees para acompañalas/os no sistema educativo, constituíndo unha aposta importante deste exercicio 2022.

Outros retos estatais do 2022: pechar o test de proporcionalidade; avanzar no deseño do portelo único estatal; presentar unha proposta de Lei que regule as profesións de intervención social, para o que se tecerán redes con outros consellos xerais doutros colexios profesionais. Estima que a celebración de Eleccións á Xunta de Goberno do Cgcees será arredor do mes de maio, e será a nova Xunta de Goberno a que engada novos retos a estes.

8. APROBACIÓN DO PLAN DE TRABAJO E DO ORZAMENTO 2022.

Presenta: Presidenta Sonia María González Rodríguez

Plan de Trabajo 2022 do Ceesg

Enfatiza os tres eixos principais nos que se distribúe a actual Xunta de Goberno, tres espiñas facendo esa metáfora co “toxo” que nos representa:

- Eixo de Acción Profesional e Sociolaboral
- Eixo de Desenvolvemento Profesional
- Eixo de Participación colexial

Estes eixos teñen que ver co fío conductor da representación e tamén de cara aos medios a través dunha forte aposta pola comunicación, co obxecto de que a cidadanía saiba que é a Educación Social. Estar presentes nas rúas con accións que nos poidan visibilizar, non só en entidades e na Administración senón tamén coa cidadanía.

A distribución das integrantes da Xunta de Goberno nos distintos eixos está por definir.

A proposta de Plan de Trabajo recolle as tarefas dos obxectivos principais. Decidimos chamarlle *sementes* a esas pequenas accións que temos previsto iniciar este ano, nas que nos centraremos. Así por exemplo:

- No *eixo de acción profesional e sociolaboral* unha semente é intervir para reivindicar como imprescindible a nosa figura profesional nos CIM.
- No *eixo de desenvolvemento profesional* unha semente recae no traballo coas universidades e co estudantado desde o inicio e durante os catro cursos académicos, non só participando en actos ornamentais, senón tamén acompañando durante todo o proceso, acompañamento que é o que define a nosa profesión. Visibilización do Ceesg a través do achegamento,

diversificando as formas de participación, poñendo en valor todas as representacións e participacións.

Tamén se integran neste eixo os Grupos de Traballo, aos que se lles dará maior visibilidade, favorecendo a diversificación da participación.

Anima á participación a todas as persoas colexiadas, co envío de reflexións e aportacións do que consideren oportuno propoñer, criticar ou comentar ao colexio.

Orzamento 2022 do Ceesg

Presenta: Tesoureiro. Rodrigo Gil Cedillo.

Explica as liñas xerais do orzamento 2022, como previsión de ingresos e gastos para este exercicio 2022, indicando que unha teima moi importante desta Xunta de Goberno é facer unha visión moi transparente de todo o que se vaia facendo, tanto a través do portelo único como da web, co ánimo de que favoreza tamén á participación. Así mesmo, indica que esta Xunta de Goberno pretende ser continuista do traballo que se fixo anteriormente, mantendo unha estrutura similar no que veñen sendo os actuais *Eixos* (antes chamadas *áreas de traballo*) e *Grupos de Traballo*.

Puntualiza as seguintes partidas na previsión de gastos.

- Persoal contratado. Hai un incremento na previsión de gasto desta partida porque se vai contratar unha nova traballadora, unha Educadora Social mínimo 6 meses a razón de 20h/semanais, para a execución dun programa formativo de calidade, coa intencionalidade de que se convirta nun pilar importante, con previsión de estabilidade e incremento de xornada.
- Mantemento de local, recursos inventariables e funxibles. Recolle partidas de gastos correntes de funcionamento do colexio como suministros de luz a auga, telefonía e internet, limpeza, mantemento informático e papelería e merchandising. Por exemplo, entre os gastos de merchandising contéplase editar axendas escolares para o alumnado de 1º das tres universidades galegas; tamén se van facer pulseiras de tela, camisetas e tarxetóns sobre que é o Ceesg e que é a Educación Social, para a visibilización da profesión. Actualmente xa se editou e se puxo á venda o “*Caderno de Educación Social*”.
- Eixos e grupos de traballo do Ceesg. Recolle as partidas de gasto asociadas aos tres eixos de traballo do Ceesg, contemplándose unha partida de gasto de posibles imprevistos en todos eles por importe de 200€.
 - o A partida de gasto de *Xunta de Goberno* recolle todos os gastos concernentes a quilometraxe, dietas tanto de Xunta de Goberno como de Grupos de Traballo por encontros de traballo, así como do acto de *Censura de Contas* que estimamos celebrar a comezos de maio.
 - o Destacar que hai intención de manter a empresa de comunicación que actualmente coordina as redes sociais e relacións coa prensa, alomenos ata que remate o contrato con esta. A nivel publicacións destaca a inminente publicación da edición especial de “*Os Bolechas*”, o manual “*Son de Fiar*” e o libro de *conclusións das Xornadas de Renda Básica Universal* celebradas na Coruña en 2019. Tamén destacar a aposta por unha formación de calidade a través da nova contratación mencionada. Por último, no eixo de *Acción Profesional* destacar a reactivación da *Comisión de Ética e Benestar Profesional*.
- Respecto ao CGCEES. Recolle as cotas que como territorio se abonan ao consello estatal en función do nº de colexiadas do Ceesg (9,42€/ano por colexiada, en prorrateo cuadrimestral) e, por outra banda, a participación estatal relativa ao Congreso Estatal de Educación Social que agardamos que se celebre este ano.
- Outros gastos de xestión correntes. Recolle partidas de gasto como o desgaste de inmovilizado (obrigatorio contablemente), que supón como un peto para cando se teñan que

adquirir novos bens, como pode ser un ordenador ou calquera outro tipo de aparello que necesitemos para o funcionamento normal do coleixio. Destacar a partida de gasto de *portelo único e plataforma de formación* que deriva da inminente posta en marcha do portelo único e, tamén nuns meses, da aula virtual para formación en liña, que levarán asociados gastos de mantemento ao ser virtual. Respecto á partida de *xuros bancarios* por emisión e devolución de recibos, solicita á colexiación que informe ben da súa conta bancaria para evitar devolución de recibos xa que nos supón un custo. Por último, puntualiza que neste bloque de gastos tamén se inclúen outras partidas de gasto como o gasto da asesoría fiscal-laboral ou o programa contable que utiliza a nosa Secretaria Técnica para a xestión contable, así como unha partida para posibles imprevistos de 200€.

Respecto á previsión de ingresos informa que se contemplan:

- *Cotas do Ceesg*: cotas de mantemento semestral e do seguro de responsabilidade civil de colexiadas/os, cotas de amigas/os, cotas de traslado de expediente tanto ao Ceesg como a outros territorios e ingresos por actividades formativas.
- *Outros ingresos*: estimación de xuros bancarios do depósito que temos en Triodos Bank.
- *Subvencións e Axudas*. Inclúe a estimación do ingreso da Deputación da Coruña (FOENIA 2021) concernente ao equipamento adquirido no pasado exercicio (2 microsoft surface e unha carpa con accesorios), así como do IGAPE concernente ao cheque dixitalización 2021 para a plataforma de formación e a colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística destinada á edición das Bolechas, xunto cunha previsión doutras posibles axudas que esperamos conseguir para financiar o libro das xornadas de renda básica universal que se fixeron en 2019 e a edición da publicación “Son de Fiar” de Fiadeiras.
- *Regularización de recibos adeudados por bonificacións extemporáneas ou baixas*. É a minoración de ingresos previstos en cotas do Ceesg, por anulación de recibos por baixas colexiais e por bonificacións de recibos presentadas fóra de prazo.

Non producíndose intervencións, procédese á votación dos Plans de Traballo e do Orzamento 2022:

ACORDO:

A votación aos **Plans de Traballo 2022**: resultou favorable coa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**

ACORDO:

A votación ao **Orzamento 2022**: resultou favorable coa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**

7. SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.

A Presidenta da as grazas polo apoio e abre turno de suxestións e preguntas:

Iª intervención. Colexiada nº 30:

Como integrante da Xunta de Goberno saínte e anterior colaboradora do Ceesg expón que lendo o programa da Xunta de Goberno entrante, céntrase moito en atender ás demandas e preocupacións das colexiadas, ante o que quere comentar que lle parece moi ambicioso e agarda que sexa tan ilusionante como ambicioso e dentro dese motor da ilusión, que as cousas que se están incorporando como novidosas tamén leven implícito non abandonar o que xurdiu en anteriores Xuntas de Goberno con vocación de continuidade, como por exemplo a publicación Galeduso, que é unha revista que se adicaba de xeito monográfico a diversas temáticas.

Entre as novidades do programa sinala a creación dun grupo de traballo relacionado coa *Educación Social e Escola*, respecto ao que menciona que hai unha entidade que é un dos movementos de renovación pedagóxica máis representativos de Galicia, Nova Escola Galega (NEG), institución na que tamén son recoñecidas parte das colexiadas do Ceesg. Seguindo na liña de coidar, espera que se teña en conta que NEG é unha entidade coa que se ten que seguir dando moitas alianzas, como entidade que leva traballado máis no ámbito da *Educación Social e a Escola*. De feito, puntualiza que na *Revista Galega de Educación (RGE)* editada por NEG é un ámbito presente desde os anos 90.

Quere deixar constancia desta achega, xa que non foi quen de rematar a anterior Xunta de Goberno, ao desvincularse desde o pasado mes de maio por problemas de saúde. Da as grazas á nova Xunta de Goberno e insiste en que o programa, ademais de ambicioso, poida seguir tendo unha parte de ilusión e de creación.

Responde a Presidenta Sonia González Rodríguez:

Agradece a participación e confirma que o terán en conta, xa que de feito todas as educadora sociais participan con moita diversidade e están presentes en múltiples entidades, polo que asegura que a colaboración con NEG se manterá.

2ª intervención: Colexiada nº 27.

Traslada o seu agradecemento, en primeiro lugar a Noelia Rodríguez Álvarez como primeiro contacto para colexiarse, a través de facebook, agradecendo a súa cercanía e atención. Despois dun tempo meditando colexiarse, contactou coa Secretaria Técnica do colexio, a cal tamén lle pareceu unha gran profesional, con moita profesionalidade á hora de informar das cuestións do colexio, atendéndoa moi ben en todas as dúbidas que lle plantexaba.

Indica que fixo en esforzo en desprazarse á presente Asemblea, tanto por circunstancias económicas como de tempo, mais veu coa esperanza de coñecer persoalmente e poñer cara á Xunta de Goberno e achegarse un pouco ao que é o traballo en equipo, á participación que puidera ter, nun futuro a curto prazo, implicándose de xeito real e efectivo.

Interésalle moito a existencia dunha *Comisión de ética*, xa que considera que a través da mesma, así como de publicacións tipo Galeduso e dos proxectos que se presentaron aquí, se leve a cabo un desenvolvemento da profesión de calidade, mais tamén quere expoñer a parte crítica que forma parte da profesión e que ela se está atopando. Atopouse con situacións que lle dan vergoña como profesional, ante as que considera que ademais do autocoidado das profesionais, tamén hai que ser críticas e esixentes co modo de desenvolvemento profesional que esixe unha actitude de achegamento e análise da necesidade de formación permanente, revisando como se están a facer as cousas, de xeito efectivo e realista, incluso chegando a facultar auditorías se fose necesario, sobre todo dentro de ámbitos de traballo como os vinculados a *Escaravellando* ou á *Eira do Ceesg* nos que máis claro ten que pode ser máis decepcionante o desenvolvemento profesional, por actitudes de profesionais que están moi lonxe dos efectos pedagóxicos máis básicos e fundamentais da profesión.

No ánimo de ser axente transformador, considera que sería boa idea facer un esforzo, non sabe se partindo de enquisas de satisfacción por encargo das administracións, para dispoñer dunha visión máis cercana do que se está a facer, de como se está traballando.

Como nova colexiada quere aportar, mais non sabe como abordar esta problemática, xa que non encontra como profesional un encaixe nos equipos cos que se está atopando e considera que se require dun cambio.

Traslada o seu agradecemento á nova Xunta de Goberno.

Responde a Presidenta Sonia González Rodríguez:

Agradece a participación. Indícalle que en breve recibirá unha chamada para que poida participar activamente.

A Presidenta despide a Asemblea Xeral 2022, en nome de toda a Xunta de Goberno agradece a participación e confianza, destacando que traballarán para intentar *favorecer o posible sen perder de vista o desexable*, con moita ilusión.

Non producíndose máis intervencións, remata a sesión de Asemblea Xeral ás 14:00h.